

# A lagoa das nenas mudas

A lagoa das nenas mudas é un libro moi interesante e moi divertido escrito por Fina Casalderrey.

Trata dunha nena chamada Amina Nwapa que é de Lagos, un lugar de África. Cando chega a España é todo moi diferente para ela, xa que en África, as nenas non ían ao colexio.

Cando chega ao colexio non entende nada do que falan os seus compañeiros nin os profesores, grazas a Ío, unha nena que falaba cun tono de voz moi baixiño, Amina conseguiu entender o que falaban, xa que Ío debuxáballe o que o seu titor e a profesora Sara, a de inglés, dicían.

Amina sempre lle escribía cartas ao seu amigo Edu, contándolle ás súas novas aventuras e o que lle pasara ese día. UN día, Ío regaloulle un coelliño de indias a Amina, e esta pùxolle ``Edu 2°``.

Ao final un neno chamado Severo, que sempre chinchaba a Amina, acabou namorado dela; primeiro escribiulle unha canción moi desagradable, pero Amina como non entendía tomoullo como unha canción fermosa, pero ao final Severo escarmentou e acabou escribindolle unha canción que lle dicía cousas fermosas a Amina. Severo quedou namorado dela, cousa que ninguén esperaba. E Ío e Amina acabaron sendo moi boas amigas.

Salvia

